

plano de TUI



VALENÇA

Camiño de Santiago portugués

PONTE INTERNACIONAL

RIO MIÑO

PARQUE NATURAL MONTE ALOIA

Riomuiños

Catedral de Santa Maria

Menorá

Sambenitos

Museo Diocesano

Cárcere Vello

túnel da Misericordia

Teatro Principal

Escaleiras da Triparia

Cárcere capitular

Sinagoga Micvé

Porta da Pia

Casa da botica

Concello

Palco da música

Estación de ferrocarril

(a 430 m)

Igrexa de San Francisco

Seminario Menor Diocesano

túnel das monxas

Casa dos capeláns

MURALLA S. XVII-XVIII

Torre do xudeu

Fonte de San Domingos

Casa da vara

Igrexa e convento das Clarisas

Igrexa de San Telmo

Capela da Misericordia

túnel de San Telmo

Casa de Salomón

Igrexa e convento de San Domingos. Centro de interpretación do Camiño portugués

Igrexa de San Bartolomeu (a 450 metros)



CATEDRAL

A que parece un castelo? Foi construída na Idade Media. Na súa portada principal poderás ver a unha chea de personaxes, e se te fixas ben os restos das cores cos que estaba pintada. Ten o claustro gótico máis grande de Galicia. Nel poderás gozar dun dos miradoiros máis espectaculares de Tui, e subir á torre dos Soutomaior.



HOSPITAL DE POBRES E PEREGRINOS

Por Tui pasa o Camiño de Santiago. Neste lugar, os peregrinos e outras persoas sen recursos, podían durmir ata tres noites e tamén recibir atención médica, se tiñan necesidade.



CAPELA DA MISERICORDIA

A Fachada desta pequena capela construíuse no ano 1575. Melchor Alonso Feal, o mestre que a construíu, estaba tan orgulloso da súa obra, que se retratou na parte de abaixo ao lado esquerdo da porta. Fíxate ben e verás a súa cara de perfil.




CÁRCERE CAPITULAR

Este cárcere construíuse no ano 1611. Aínda conserva a súa estrutura e os barrotes. Era un cárcere eclesiástico.

ESCALEIRAS DA TRIPARÍA



Esta pequena rúa conserva o seu aspecto medieval. A canle que ves escavada na roca era para desaugar os desperdicios dos carniceiros e tripeiros.



TEATRO PRINCIPAL

Aquí viñan os veciños e veciñas coas súas mellores galas a ver os espectáculos e as obras de teatro. No ano 1891 tivo lugar un evento moi importante para Galicia: "Os Xogos Florais". Era a primeira vez en moito tempo que se celebraba un acto público integramente en galego.

CASA DO TABOADO

Esta casa é a única de todo o Casco histórico que conserva a parte superior en madeira. Antigamente había moitas máis pero o clima, a humidade e os incendios fixeron que, aos poucos, fosen substituíndoas polas de pedra.



IGREXA DE SAN TELMO

Esta igrexa construíuse sobre a casa onde San Telmo, o Patrón de Tui, morreu, ao parecer dunhas febres. Se vas a Portugal, verás que esta igrexa se parece moito ás que teñen alí.

CASA DA VARA



Segundo os veciños e veciñas de Tui nesta casa hai unha vara que se utilizaba para medir. A ver se es quen de atopala?



TÚNEL DAS MONXAS

Este é un dos lugares máis máxicos de Tui. Servía para comunicar a parte alta da cidade co resto. Aquí había unha antiga torre, coñecida como "Torre Vella", que tamén serviu de cárcere.



CONVENTO DAS CLARISAS

Neste convento viven as monxas Clarisas, que en Tui chamamos "Encerradas", porque son monxas de clausura. Son famosas polos seus doces, sobre todo, polos "Peixiños de améndoa". As améndoas son un produto típico da tradición xudía.

PORTA DA PÍA



Era a porta principal e aínda conserva algúns restos. Debe o seu nome, segundo contan, a unha pila de auga xigante que se atoparía no seu lado esquerdo, e que serviría para o baño ritual dos xudeus.

MURALLAS

A cidade de Tui contou ao longo da súa historia con diferentes sistemas defensivos. Na actualidade aínda se poden ver restos das súas murallas medievais e modernas. As primeiras mandounas construír Fernando II no ano 1170, e as segundas foron realizadas no século XVII con motivo da Guerra de Restauración portuguesa.

SINAGOGA

A sinagoga era o edificio máis importante para os xudeus. Utilizábano como lugar de reunión e oración. No seu patio estaría o baño ritual ou "mikvé" para o baño de purificación.



PALCO DA MÚSICA

Construíuse no ano 1898, e era o lugar onde se realizaban os espectáculos musicais ao aire libre. Na súa varanda poderás ver medias lúas, que son un dos símbolos do escudo de Tui.

CONVENTO DE SAN DOMINGOS

Neste convento vivían os monxes dominicos. O edificio estaba composto polas dependencias monacais, a igrexa, e a horta na parte traseira. Hoxe en día este espazo ocúpao a Alameda.

SAMBENITOS

Os Sambenitos eran un castigo público que a Inquisición impuña aos herexes, neste caso xudaizantes.

En Tui consérvanse catorce Sambenitos realizados en lenzo, que tiñan como función perpetuar a condena. Podes visitalos no Museo Diocesano ou no Museo da Catedral.



IGREXA DE SAN FRANCISCO

Esta igrexa, que en realidade está dedicada a Santo Antonio, forma parte do conxunto antigo convento dos franciscanos, hoxe Seminario Menor. Está situada en pleno Paseo da Corredoira.



CÁRCERE VELLO

Este era outro dos cárceres da cidade. A porta principal aínda conserva a data de construción, 1584.

SÍMBOLOS: CRUCES E INSCRICIÓNS

Por toda a cidade antiga, se pos atención, verás que nalgunha das fachadas das casas hai cruces e símbolos estraños gravados nas súas pedras. Algúns deles, contan que foron realizados polos criptoxudeus, outros son elementos de protección.



REDE DE XUDARÍAS DE ESPAÑA; SÍMBOLO

Verás este símbolo por diferentes lugares da cidade, e é que Tui conta cun pasado xudeu moi importante, por iso desde o ano 2019 forma parte da Rede de Xudarías de España.